

# A ARTE TEN XÉNERO?

## Xornadas sobre arte e xénero

*Unha introdución sobre xénero e creación artística*

### DIRIXIDAS A

Creadoras e creadores en xeral

Estudantes e profesorado de todos os ámbitos artísticos

Público en xeral interesado na arte ou no xénero

### DATAS

4, 5 e 6 de novembro de 2013

### LUGAR

Fundación Laxeiro

### INSCRICIÓN GRATUÍTA

Fundación Laxeiro.

R/Policarpo Sanz, nº15, 3º, Vigo

Tlf: 986-43 84 75

(de luns a venres, de 10 a 14.00h)

[info@laxeiro.es](mailto:info@laxeiro.es)

### DIRECCIÓN

**Dolores Ruiz**

Escritora

máster en xénero

Universidade de Vigo

### PROGRAMA

Luns 4, de 19h a 21h

Martes 5, de 19h a 21h

Mércores 6, de 19h a 21h



Ana Mendieta, *Facial hair transplant*, 1972.

### PRAZO

Ata o 31 de outubro.

Aforo máximo: 20 prazas

adxudicadas por orde

de inscrición.

### COORDINACIÓN

**Ignacio Pérez-Jofre Santesmases**

Artista

profesor titular da Facultade de Belas

Artes de Pontevedra

*A arte ten xénero? Marco conceptual  
Canon e creación: o difícil valor da diferenza  
Xogamos co xénero. Traballo cunha obra  
propia ou allea*

Organiza



CONCELLO  
DE VIGO



Patrocina

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo

Mentres as sociedades occidentais evolucionaban en moitos ámbitos, a fenda de xénero foi manténdose e, con ela, o alto grao de violencia exercida sobre nós, mulleres e homes, desde as construcións de xénero tradicionais.

Cambiar esta situación implica unha transformación dos modelos estéticos e arquetipos culturais imperantes nos ámbitos creativos e de comunicación da nosa sociedade, polo que a Fundación Laxeiro, en colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e a Facultade de Belas Artes de Pontevedra, organiza estas xornadas de introdución aos principais aspectos que relacionan xénero e creación artística.

**DOLORES RUIZ** é especialista en cuestións de xénero e políticas de igualdade. É *máster cum laude* en *Xénero, Educación, Políticas de Igualdade e Liderazgo* por a Universidade de Vigo; *especialista en auditorías de igualdade de mulleres e homes* por a Universidade Jaume I de Castelló; *licenciada en Filoloxía Hispánica* por a UNED e *diplomada en Estudos Avanzados* dentro do programa de doutoramento *Literatura española e Teoría da literatura* por a Universidade de Vigo.

Ten unha ampla experiencia no desenvolvemento de cursos, talleres e xornadas sobre as relacións de xénero no mundo laboral, educativo e familiar, para diversas organizacións e realizado o diagnóstico e plan de igualdade de oportunidades para diferentes empresas galegas. Impartiu numerosos talleres de educación sexual e prevención de violencia de xénero para alumnado da ESO, ademais de talleres para pais e nais de alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Ten realizado estudos socioeconómicos e plans de igualdade para diversas administracións locais en Galicia e coordinado talleres sobre igualdade para traballadoras e traballadores sociais da Xunta de Galicia.

Como creadora literaria foi gañadora dos premios *Blanco Amor de novela* en 2004; *Barco de vapor* en 1998 e finalista na IV Edición dos Premios de cuentos ilustrados, convocado por a Deputación de Badaxoz en 2002, ademais de impartir numerosos talleres de escritura e lectura en diversas bibliotecas de Galicia.

**IGNACIO PÉREZ-JOFRE SANTESMASES** é artista plástico e *Licenciado en Belas Artes, especialidade de Pintura* por a Universidade Complutense de Madrid e *Doutor en Belas Artes* por a Universidade de Vigo. Dende 1996 é *Profesor Titular de Pintura* na Universidade de Vigo. Ten desenvolvido numerosos proxectos de investigación, entre os que destacan *Estudio psicoxográfico do Campus de Pontevedra*, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, financiado por a *Cátedra Filgueira Valverde*; *La investigación transversal y la práctica del cruce metódico: interrelaciones arte-ciencia-tecnología*, financiado por a Xunta de Galicia ou *Identificación experimental del cruce metódico en la creación de la obra de arte*, Facultade de Belas Artes de Pontevedra e tamén *Nuevos Procedimientos Escultóricos*, na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, en colaboración con grupos de investigación das universidades Miguel Hernández (Levante), Tenerife, Castilla-La Mancha.

Como comisario, desenvolveu os proxectos expositivos *La pintura en el lugar*, Asociación Amalgama, Centro de Gravedad Permanente, Vigo; *Os pasos perdidos*, Fundación Laxeiro, Vigo; *Facer e deixar de facer*, Fundación Laxeiro, Vigo; *Pintura mutante*, MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo); *Saturación*, Galería Sargadelos, Pontevedra; *Arte y alquimia*, Sala de exposicións da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Como artista plástico ten un amplo percorrido expositivo e publicados numerosos catálogos. A súa obra forma parte de coleccións como: Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Santiago de Compostela, Deputación de Córdoba; Deputación de Ourense; Concello de Salou; *Palacio de Congresos y Exposiciones de Madrid* e Universidade de Salamanca.

Organiza



CONCELLO  
DE VIGO



Patrocina

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo